



# PLAN DIGITAL

## CEIP DE SEIXO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro	CEIP DE SEIXO
Código	36004681
Enderezo	R/ GRUPO ESCOLAR S/N 36913 SEIXO (MARÍN)
Correo electrónico	<a href="mailto:ceip.seixo@edu.xunta.gal">ceip.seixo@edu.xunta.gal</a>
Enderezo web	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixo/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixo/</a>
Etapas Educativas	Educación Infantil e Educación Primaria.
Nº de alumnado	155
Nº mestras e mestres	18

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio de Educación Infantil e Primaria de Seixo está situado na parroquia de Seixo, pertencente ao concello de Marín. O colexio de Seixo atende a un sector de poboación situado nos lugares de Brea, Castro, A Moreira, Porteliña, Campo, Rúa Nova, Iglesias, Allariz, Cernello, Torre, Mogor, Bagüín, Aguete e Loira. Pontevedra é o referente principal de toda a zona, no que se refire a servizos administrativos e no ámbito económico. Con todo, Marín é unha vila que ten identidade propia, con recursos en ámbitos coma o lecer, asociacionismo etc., á vez que actúa como referente administrativo e económico para as aldeas limítrofes. Nos últimos anos tense producido un importante incremento da poboación.

O Concello de Marín, localidade aínda cunha fonda tradición mariñeira, está no sur da provincia de Pontevedra, situado na Península do Morrazo, cunha poboación de case 25.000 habitantes, dos que máis da metade vive no casco urbano.

A gran maioría das familias do alumnado traballa no sector servizos. O perfil económico xeral das familias que integran a comunidade escolar é de perfil medio-baixo. Na actualidade están aumentando os casos de alumnos/as cos proxenitores en paro. A maioría dos pais/nais só posúen o título de graduado escolar.

O plan dixital do Ceip de Seixo (en adiante PD) é un instrumento de planificación integrado no Proxecto Educativo que persigue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Este plan está pensado como un documento vivo que contén os acordos alcanzados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa. Cada un na medida das súas posibilidades e o seu nivel actual de formación.

Este PD está directamente relacionado co PFPP de centro no que ao longo dos últimos anos se ven levando a cabo unha formación no ámbito das novas tecnoloxías (páxina web de centro, aula virtual, Edixgal, programas de deseño e edición de imaxe...). Tamén está relacionado cos

seguintes plans ou proxectos: Plambe, Radio na biblio, Bibliotecas creativas (robótica e impresión 3D), Plan Director...

De cara ao vindeiro curso valórase a posibilidade de participar no Programa de Innovación “Polos Creativos”.

Mediante o presente plan, preténdese:

- Avaliar a situación dun centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o PD como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible si é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa relacionada co PD do Ceip de Seixo é:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 3/2020, de 29 de decembro, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

O Ceip de Seixo decidiu organizar un grupo de traballo, dentro do PFPP do centro, para o desenvolvemento do PD. Leváronse a cabo varias reunións de traballo en equipo tendo como referencia o plan marcado polo ADIX 3 de Pontevedra a través da aula virtual na que se atopaba matriculado o coordinador (director do centro). Así mesmo o coordinador do PD mantivo constante comunicación co coordinador ADIX 3 en moitas fases da elaboración deste Plan.

As fases de elaboración PD foron as seguintes:

- SELFIE (co correspondente análise dos resultados).
- Test CDD (co correspondente análise dos resultados).
- Elaboración da DAFO (tomando como principais referentes o Informe SELFIE e os resultados do Test CDD).
- Elaboración do Plan de Acción.
- Redacción final do PD.

Durante este proceso tamén se foron marcando reunións informativas co Claustro para manter informado ao profesorado da situación na que se atopaba o PD en cada momento.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais:

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:** Con respecto a conectividade destacar que no presente curso, e a raíz da inclusión do centro no Proxecto Edixgal, melloroua conectividade grazas a instalación de antenas wifis por todo o edificio. Unificáronse os RACKS nun único punto na planta baixa do edificio. Todo isto, xunto co novo contrato que levou a cabo Educación, supuxo un aumento considerable da velocidade de navegación tanto cableadas como sen fíos.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**
  - O centro dispón de dúas aulas dixitalizadas (kit abalar).
  - E-Dixgal: Unha aula que conta con 20 ordenadores portátiles para o alumnado (falta por chegar o carro de carga para os mesmos) e 5 para profesorado titor e especialista.
  - Dispónse de 3 equipos de xestión e administración (3 equipos informáticos sinxelos que emprega o Equipo Directivo).
  - Na biblioteca cóntase con 8 ordenadores que se distribúen do seguinte xeito: 4 para uso do alumnado, 1 para xestión do Equipo de Biblioteca, 1 para uso da impresora 3D, 1 para Radio na Biblio e outro para a Aula de Arte. Tamén hai equipos de robótica e impresora 3D.
  - Sala de Profesorado: existen 4 equipos.
  - O departamento de orientación conta cun portátil.
  - Equipos ultraportátiles para aula móbil: 7 tablets.
  - Dotacións para proxectos específicos: equipo informático para aula de luz.
- **Servizos dixitais educativos:** o centro conta con servizos corporativos (páxina web, aula virtual, E-Dixgal e Abalarmóbil) e servizos non corporativos (blogs e facebook).
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** levado a cabo polo Equipo Tic salvo necesidades e incidencias incapaces de solventar que son comunicadas á UAC ou a un servizo de mantemento externo contratado polo centro cando se necesita unha resposta de maior celeridade.
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:** Plan de continxencia.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO:

- **Autoavaliación SELFIE:** Inclúese, na seguinte táboa, a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE da etapa educativa de Educación Primaria:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,4
	Alumnado	
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	2,6
	Alumnado	3,5
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,3
	Alumnado	4,2
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	4,1
	Alumnado	
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3,4
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	2,1
	Alumnado	
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3
	Alumnado	4,3

- **Test CDD:** Inclúese a información recollida nas táboas 1.3., 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro:

- ✓ 1.3. Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	14	14	100 %
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100 %
<b>INTERINO</b>	1	1	100 %
<b>SUBSTITUTO</b>	2	2	100 %
<b>OUTROS</b>	2	2	100 %

✓ 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
55,1	EXPLORADOR/A (A2)	76,4	INTEGRADOR/A (B1)

✓ 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF.</b>	50,2	EXPLORADOR/A (A2)	68,2	INTEGRADOR/A (B1)
<b>PRI.</b>	56,1	EXPLORADOR/A (A2)	77	INTEGRADOR/A (B1)

✓ 2.3. Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	5%
<b>A2</b>	13	65%
<b>B1</b>	5	25%
<b>B2</b>	1	5%
<b>TOTAL</b>	20	100%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do mesmo no eido dixital e que facilita a elaboración das liñas fundamentais do PD en termos de obxectivos e accións a desenvolver:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	1. BOA CANTIDADE DE DISPOSITIVOS DIXITAIS PARA A APRENDIZAXE. 2. ADECUADA ASISTENCIA TÉCNICA. 3. BOA CANTIDADE DE DISPOSITIVOS DIXITAIS PARA A APRENDIZAXE.	1. MELLORA DA INFRAESTRUTURA DO CENTRO.
	PERSOAL DOCENTE	1. USO DE NOVAS MODALIDADES DE ENSIANZA. 2. RECOÑECIMENTO DA NECESIDADE DE PDC 3. BO INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS ENTRE O PROFESORADO DO CLAUSTRO. 4. BOA COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA.	1. INSUFICIENTE AVALIACIÓN DO PROGRESO. 2. NECESIDADE DE AUMENTAR OS DEBATES SOBRE O USO DA TECNOLOXÍA. 3. HAI QUE MELLORAR A COLABORACIÓN ENTRE O PROFESORADO DO CENTRO E CON OUTROS CENTROS. 4. NECESIDADE DE AUMENTAR A CREACIÓN DE RECURSOS DIXITAIS. 5. AUMENTAR O EMPREGO DE CONTORNAS VIRTUAIS DE APRENDIZAXE. 6. MAIOR ADAPTACIÓN ÁS NECESIDADES DO ALUMNADO. 7. POUCO FOMENTO DA CREATIVIDADE. 8. MELLORAR A IMPLICACIÓN DO ALUMNADO. 9. BUSCAR UNHA MAIOR COLABORACIÓN DO ALUMNADO. 10.- EXCASOS PROXECTOS INTERDISCIPLINARES. 11. INSUFICIENTE AVALIACIÓN DAS CAPACIDADES. 12. FALTA DUNHA RETROALIMENTACIÓN ADECUADA. 13. INSUFICIENTE AUTOREFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE. 14. PROFESORADO CON COMPETENCIAL DIXITAL INSUFICIENTE. 15. NECESIDADE DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DE DPC EN TECNOLOXÍAS DIXITAIS.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		1. O ALUMNADO DEBE MELLORAR A VERIFICACIÓN DA CALIDADE DA INFORMACIÓN. 2. O ALUMNADO NON OUTORGA RECOÑECIMENTO AO TRABALLO DOS DEMAIS. 3. O ALUMNADO AMOSA UNHA BAIXA CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS. 4. O ALUMNADO DEBE MELLORAR AS SÚAS FORMAS DE COMUNICACIÓN. 5. BAIXA UTILIZACIÓN DA TECNOLOXÍA FÓRA DO CENTRO CON FINS DE APRENDIZAXE. 6. FALTA DE COMENTARIOS A OUTROS/AS ALUMNOS/AS SOBRE OS SEUS TRABALLOS. 7. NECESIDADE DE FORMACIÓN DO ALUMNADO ANTE UN COMPORTAMENTO SEGURO DAS NN. TT. 8. NECESIDADE DE FORMACIÓN DO ALUMNADO ANTE UN COMPORTAMENTO RESPONSABLE DO USO DAS NN. TT.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO			

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. ADECUADO ACCESO A INTERNET NO CENTRO. 2. ALTO ACCESO AOS RECURSOS EDUCATIVOS EN LIÑA. 3. USO DAS NOVAS METODOLOXÍAS É MOI MOTIVANTE PARA O ALUMNADO.	1. INSUFICIENTES SISTEMAS DE PROTECCIÓN DE DATOS. 2. FALTA DE TEMPO PARA QUE O PROFESORADO PREPARE AS CLASES DIXITAIS E PODER CREAR MATERIAIS E CONTIDOS. 3. FALTA DE DISPOÑIBILIDADE HORARIA PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO. 4. NECESIDADE DE PROFESORADO DE APOIO PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIAL DIXITAL DO ALUMNADO.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		1. BAIXA COMPETENCIA DIXITAL DAS FAMILIAS. 2. BAIXA VALORACIÓN POR PARTE DAS FAMILIAS NA NECESIDADE DO USO RESPONSABLE DOS FILLOS/AS POLAS NOVAS TECNOLOXÍAS.
	OUTRAS ENTIDADES		



### **3. Plan de Acción**

O seguinte Plan de Acción do Ceip de Seixo tivo en conta os recursos materiais e humanos no momento da elaboración deste PD.

Nel incídese en obxectivos que supoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### **3.1. Obxectivos, indicadores e accións**

<b>“Área de mellora”: COLABORACIÓN E REDES</b>						
<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	AUMENTAR OS DEBATES SOBRE O USO DA TECNOLOXÍA				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	EQUIPO DIRECTIVO				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	CHEGAR A ACORDOS SOBRE O USO DA TECNOLOXÍA COMO PARTE DO PROCESO EDUCATIVO DO CENTRO					
<b>Valor de partida(3)</b>	0 ACORDOS					
<b>Valor previsto e data(4)</b>	1 ACORDO POR CICLO			30 DE XUÑO DE 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Elaboración dun listado cos recursos TIC dispoñibles no centro.</b>	COORDINADORA TIC	OUTUBRO 2022	RECURSOS TIC DO CENTRO		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Difusión dos recursos TIC dispoñibles.</b>	EQUIPO TIC	OUTUBRO 2022	LISTADO DOS RECURSOS TIC DO CENTRO		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Reunións entre o profesorado para chegar a acordos.</b>	COORDINADORAS/AS DE CICLO	ABRIL 2023	CONVOCATORIAS		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.4: Recoller os acordos.</b>	COORDINADORA TIC	XUÑO 2023	ACTA DO EQUIPO TIC		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área de mellora”: PEDAGOXÍA (apoios e recursos)</b>						
<b>OBXECTIVO 2 (1):</b>	AUMENTAR O EMPREGO DAS CONTORNAS VIRTUAIS DE APRENDIZAXE				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	EQUIPO DIRECTIVO				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	PORCENTAXE DE USO DAS AULAS VIRTUAIS E EVA NA ETAPA DE PRIMARIA					
<b>Valor de partida(3)</b>	10 % DE UTILIZACIÓN POLO PROFESORADO					
<b>Valor previsto e data(4)</b>	50 % DE UTILIZACIÓN POLO PROFESORADO			30 DE XUÑO DO 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A02.1: Continuación co PFPP no uso da aula virtual e do Eva.</b>	COORDINADOR DO PFPP	MAIO 2023	PERSOAL (ASESOR CFR, RELATORES...) MATERIAIS (INFORMÁTICOS E FUNXIBLE)		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.2: Actualización e posta en funcionamento da aula virtual e do Eva de cada grupo.</b>	COORDINADOR TIC e PROFESORADO	SETEMBRO 2022	MATERIAIS INFORMÁTICOS		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.3: Uso da aula virtual e do Eva.</b>	PROFESORADO	XUÑO 2023	MATERIAIS INFORMÁTICOS		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área de mellora”: COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO</b>							
<b>OBXECTIVO 3 (1):</b>	FORMAR A COMUNIDADE EDUCATIVA NUN COMPORTAMENTO SEGURO E RESPONSABLE DAS NN.TT.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	EQUIPO DIRECTIVO					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN NAS DIFERENTES FORMACIÓNS						
<b>Valor de partida(3)</b>	10% DE PARTICIPACIÓN						
<b>Valor previsto e data(4)</b>	75% DE PARTICIPACIÓN				30 DE XUÑO DO 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>		<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO3.1: Formación do alumnado a través do PLAN DIRECTOR.</b>	DIRECTOR	XUÑO 2023	PERSOAL (POLICÍA NACIONAL) MATERIAIS (RECURSOS INFORMÁTICOS)			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Formación das familias a través das ENAPAS e do PLAN DIRECTOR.</b>	DIRECTOR	XUÑO 2023	PERSOAL (CFR e POLICÍA NACIONAL) MATERIAIS (RECURSOS INFORMÁTICOS)			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	
<b>AO3.3: Formación do profesorado a través do PFPP en sistemas de protección de datos.</b>	COORDINADOR DO PFPP	XUÑO 2023	PERSOAL (CFR) MATERIAIS (RECURSOS INFORMÁTICOS)			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	

<b>“Área de mellora”: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS</b>							
<b>OBXECTIVO 4 (1):</b>	INCREMENTAR O NÚMERO DE NOVOS DISPOSITIVOS DIXITAIS.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	EQUIPO DIRECTIVO					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	INCREMENTAR O NÚMERO DE DISPOSITIVOS DIXITAIS ACTUALIZADOS NO CENTRO.						
<b>Valor de partida (3)</b>	<p>O <b>33%</b> DA TOTALIDADE DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS FORON ADQUIRIDOS A TRAVÉS DE <b>EDUCACIÓN (XUNTA)</b>.  O <b>22%</b> DA TOTALIDADE DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS FORON <b>COMPRADOS POLO CENTRO</b>.  O <b>45%</b> DA TOTALIDADE DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS FORON <b>DONADOS</b>.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>O <b>51%</b> TEÑEN <b>15 ANOS</b> OU MÁIS DE ANTIGÜIDADE.</li> <li>O <b>20%</b> TEÑEN <b>10 ANOS</b> OU MÁIS DE ANTIGÜIDADE.</li> <li>O <b>18%</b> TEÑEN <b>7 ANOS</b> OU MÁIS DE ANTIGÜIDADE.</li> <li>O <b>11%</b> TEÑEN <b>3 ANOS</b> OU MÁIS DE ANTIGÜIDADE.</li> </ul>						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	RENOVAR O 70% DOS EQUIPOS (30% DE EQUIPOS DE MENOS DE 5 ANOS DE ANTIGÜIDADE) (60% DE EQUIPOS ADQUIRIDOS A TRAVÉS DE EDUCACIÓN-XUNTA).				30 DE XUÑO DO 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>A04.1: Solicitud de novos equipamentos informáticos á Consellería de Educación.</b>	DIRECTOR	SETEMBRO 2022	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>A04.2: Participación e integración do Centro en novos proxectos ou programas educativos.</b>	CLAUSTRO	XUÑO 2024	PERSOAL (CFR, FAMILIAS, CLAUSTRO) MATERIAIS (NOVOS DISPOSITIVOS E RECURSOS INFORMÁTICOS)		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

- **AXUDA PARA COMPLETAR AS TÁBOAS:**

**(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

**(2) INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

**(3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

**(4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

- **ACCÍONS A DESENVOLVER:**

**(5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

**(6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

**(7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

**(8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

**(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

**(10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### Valores de partida:

- O **33%** DA TOTALIDADE DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS FORON ADQUIRIDOS A TRAVÉS DE **EDUCACIÓN (XUNTA)**.
- O **22%** DA TOTALIDADE DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS FORON **COMPRADOS POLO CENTRO**.
- O **45%** DA TOTALIDADE DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS FORON **DONADOS**.
  - O **51%** TEÑEN **15 ANOS** OU MÁIS DE ANTIGÜIDADE.
  - O **20%** TEÑEN **10 ANOS** OU MÁIS DE ANTIGÜIDADE.
  - O **18%** TEÑEN **7 ANOS** OU MÁIS DE ANTIGÜIDADE.
  - O **11%** TEÑEN **3 ANOS** OU MÁIS DE ANTIGÜIDADE.

NECESIDADES DE MELLORA	FINALIDADE
2 proxectores.	Dotar a aula de luz e a aula de ciencia dun proxector xa que non teñen.
4 portátiles para titorías (5º infantil, 1º, 3º e 4º de primaria).	Para completar o equipamento das aulas xa que nestas está incompleto.
1 portátil para o departamento de orientación.	Traballo do DO co alumnado.
3 iPads.	Completar o equipamento de biblioteca que conta con 7 iPads para ter 10 e poder utilízalos de forma rotativa nas aulas.
Mover a PDI do laboratorio para a aula de luz.	No laboratorio non precisamos a PDI que utilizaríamos na aula de luz como parte do equipamento de infantil.
Mesa/pantalla multitáctil.	Para completar o equipamento da biblioteca.
Microscopios dixitais.	Para equipar a aula de ciencias.

## 4. Avaliación do plan

Para cada un dos 4 obxectivos que se pretenden conseguir neste PD existen unhas propostas de accións nas que cada unha ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar si o obxectivo proposto foi alcanzado y si é necesario realizar variacións no plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

A estratexia para a difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa e tendo en conta o Plan de Comunicación do Centro, baséase nas canles oficiais establecidas pola Xunta de Galicia.

Unha vez aprobado, o Plan Dixital será publicado na **páxina web do centro** e farase difusión do mesmo, a toda a comunidade educativa, a través de **Abalar móbil**, indicando na mensaxe unha breve explicación do documento así como da súa ubicación na páxina web do centro.

A partir deste punto de partida e a maiores empregamos un blog da Biblioteca e as redes sociais para dar publicidade a todo o que se fai no centro.

- WEB: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixo/>
- BLOG: <http://aspegadasdearnaldo.blogspot.com/>